



## **O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL CALIFICA DE “MODELO A SEGUIR” A NOVA ESCOLA DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BOIRO DURANTE O SEU ACTO DE PRESENTACIÓN**

O presidente da Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán, asistiu esta mañá ó acto de presentación da nova Escola de Fútbol Municipal de Boiro que nace da unión das categorías base do SD Abanqueiro, C.F. Cabo de Cruz, CD Boiro (categorías de fútbol 8) e ACRD Boiro de fútbol feminino.

Louzán acompañou ao alcalde de Boiro, Juan José Dieste, principal valedor desta ambiciosa e modélica iniciativa, e ao presidente do novo club, José Enrique “Queiro” Maneiro, nun acto celebrado nas instalacións municipais de Vista Alegre e que contou coa presenza de representantes dos catro clubs implicados no proxecto: José Manuel Vilas do Abanqueiro, Fabián Fernández do Cabo de Cruz, Germán Pérez “Sito” do CD Boiro e Miguel Ramos do ACR Boiro.

O actual adestrador da SD Compostela, Iago Iglesias, vai a ser o coordinador da Escola aportando os seus coñecementos na posta en marcha deste proxecto que Louzán califica dun “modelo a seguir en Galicia” baseado “en sumar esforzos para que os nenos e nenas poidan formarse coas mellores condicións posibles, e con profesionais preparados á fronte”.

A Escola de Fútbol Municipal de Boiro conta xa con 400 rapaces que serán 500 na vindeira tempada coa inclusión de todas as categorías base do CD Boiro. Tenequipos de todas as categorías, desde Biberóns ata Xuvenís.

- 3 equipos prebenxamíns e biberóns para adestramento en pavillón.
- 2 equipos prebenxamíns para ligas federadas.
- 6 benxamíns.
- 6 alevíns.
- 3 infantís.
- 2 cadetes.
- 2 xuvenís.

A Escola contará tamén con 24 adestradores titulados que traballarán baixo a coordinación de Iago Iglesias. Os campos de Vista Alegre serán a instalación de uso principal da Escola, pero tamén se utilizarán os campos de Cabo de Cruz e Abanqueiro, así coma os polideportivos de Barraña e Cabo de Cruz.

Boiro, 10 de agosto de 2016